

Acta da Reunión da Xunta de Facultade celebrada o 22 de decembro de 2011

Asistentes:

Allegue Agüete, Pilar
Martínez Yáñez, Nora
Muleiro Parada, Luis Miguel
Pita Grandal, Ana María
Rodríguez Domínguez, M^a del Mar
Valcárcel Fernández, Patricia
Barahona Martín, Magdalena
Bergareche Gros, Almudena
Bouso Cedrón, Pedro
Bravo Bosch, M^a José
Cabeza Pereiro, Jaime
Dávila Millán, Encarna
Domínguez Rubira, Carmen
Fernández Acevedo, Rafael
Fernández Carballo-Calero, Pablo
Fernández Docampo, Belén
Fuenteseca Degeneffe, Margarita
García Gestoso, Noemi
García Mosquera, Marta
González Martínez, José Manuel
Grande Seara, Pablo
Ibáñez Paz, Regina
Manzano González, Baltasar
Mariño de Andrés, Ángel M.
Martínez Hens, Helena
Martínez Táboas, Teresa Rodríguez Damián,
Amparo
Rodríguez Rodríguez, Emma
Ruiz Hidalgo, Carmen
Tato Plaza, Anxo
Trigo Gómez, Pilar
Barreiro Carril, M^a Cruz
Estévez Abelaira, Teresa
Mourín González, Teresa
Álvarez Peixoto, Sandra
Araújo Figueroa, Isaac Borja
De Castro Lorenzo, Adrián
Estévez Fernández, Carina
Fernández Vila, Rodrigo
Guerrero Saco, Alejandro
Lizarralde Fernández, Alexander
Núñez Martínez, Lucía
Rivas Raña, Manuel

Arjones Giráldez, David
Salgado André, Elena

López Prieto, M^a Nieves
Rivas Suanzes, M^a Fernanda

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (acta da reunión do 28 de outubro de 2011)**
Apróbase a acta por asentimento

2. Informes da Decana

A Decana informa dos seguintes extremos:

a) Das obras que están a realizarse no Salón de Graos para instalar un sistema de videoconferencia

b) Anuncia que temos unha nova dirección de correo electrónico do Decanato:

decanatoxuridicas@uvigo.es; así como una páxina de Facebook que, entre outras cousas, permitirá manter contacto con antigos alumnos, por exemplo, para celebrar os respectivos aniversarios por 10 ou 25 anos desde o remate da titulación.

c) Modificación temporal da dirección do máster de Menores en situación de desprotección e conflito social, por próxima maternidade da Profesora Esther González Pillado, en aplicación da súa normativa interna. Consonte á mesma, pasa a actuar como Coordinador do Master, Presidente da súa Comisión Académica e representante do Master nas correspondentes Comisións do Centro durante este tempo o Profesor Pablo Grande Seara; e actuará como Secretaria accidental a Profesora Helena Martínez Hens.

d) Recorda aos profesores que do resultado do VAD dependen os nosos recursos. Apréciase que

moita xente entrega as actas tarde, e anuncia que de continuarse a observar estes incumprimentos valorarase levar a unha vindeira Xunta de Facultade a adopción dun acordo para tomar as medidas que a Xunta considere axeitadas.

e) Comunica que as melloras en infraestructuras solicitadas na última Xunta foron tramitadas e estarán acometidas próximamente. Tamén anuncia que se mellorará o xardín para crear unha cortina verde nos espazos axardinados dos distintos bloques. Comunica que as reformas nos toldos dos módulos e nas cortinas dos despachos acometeranse máis adiante, logo de estudar cal pode ser a solución máis axeitada dende o punto de vista da súa durabilidade.

f) Informa que a Xunta de Titulación Interfacultativa ven de aprobar a Memoria do Master de acceso á profesión de avogado, e que se poderán presentar alegacións á mesma a partires do día 26 de decembro.

3. Aprobación, se procede, de determinados documentos propostos pola Comisión de Calidade do centro:

- a. **Plan Anual de Mellora**
- b. **Informe de seguimento de obxetivos**
- c. **Plan de Traballo do SIC**
- d. **Plan de Información e difusión Pública do SIC**
- e. **Modificación do Manual de calidade do centro dacordo coas recomendacións do informe da ACSUG**

Apróbanse todos os documentos por asentimento

4. Presentación do informe de resultados anuais do centro, aprobado pola Comisión de Calidade do Centro

O informe de resultados anuais do centro foi enviado xunto coa convocatoria e xa foi aprobado pola Comisión de Calidade do Centro. Non se plantexan obxeccións.

5. Aprobación, se procede, do aumento de horas do curso de innovación docente impartido pola profesora D^a Isabel Cano

A Decana explica que aínda que inicialmente o curso impartido pola Profesora Isabel Cano programouse, e así foi aprobado en Comisión Permanente, coma un curso de 15 horas, diversos profesores solicitaron maior información e atención por parte da Profesora quen se prestou a aportar material complementario ao inicialmente manexado, así como a facer as aclaracións e/ou resolver as dúbidas que sobre a materia do curso puideren xurdir. En tanto que finalmente o tempo adicado polo alumnado e a profesora a este curso foi superior as 15 horas, propón

completar o inicialmente aprobado engadindo 10 horas máis non presenciais, de tal xeito que o curso finalmente tería 25 horas.

Diversos profesores manifestan o seu desacordo co aumento de horas do curso.

A Decana aclara que hai profesores que sí empregaron o tempo a maiores que puxo á nosa disposición a Profesora Cano e que o que non resultaría xusto sería non recoñecerllo. Insiste en que o que se trata de certificar é o número real de horas que finalmente tivo o curso para moitos dos profesores que o fixeron.

Sométese a decisión de aumentar ou non o número de horas do curso a votación acadándose os seguintes resultados:

- a) Votos a favor de concederlle ao curso 25 horas: 19
- b) Votos en contra de concederlle ao curso 25 horas: 10
- c) Abstencións: 16

Apróbase por maioría concederlle ao curso 25 horas.

6. Aprobación, se procede, dunha proposta para solicitar á Reitoría a reserva dun espazo para aparcamento de traballadores da Facultade ou conxuntamente para os traballadores deste Centro e os da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais

A Decana explica que esta é unha reivindicación da que xa se falou noutras ocasións, e que parece que tamén Económicas a presentou. Comenta que algúns alumnos plantexaron a súa incomodidade por este tema, pero aclara que reservas de espazos para aparcamento para os traballadores é o que se ven facendo noutros centros desta e doutras Universidades.

O Profesor Pablo Grande pregunta se esta proposta ven acompañada da identificación da ubicación da reserva.

Diversos profesores apuntan que sería importante coñecer a ubicación, pois non parecería lóxico que o aparcamento non estivese preto do Centro, pois perdería parte da súa utilidade real.

A Decana propón que polo de agora se vote se se solicita á Reitoría a reserva de espazo e que se nola concedesen xa plantexaríamos a ubicación. Incluso considera que pensando nos alumnos se podería solicitar a ampliación da zona de aparcamento común.

Interveñen dous alumnos para dicir que consideran que debería aumentarse o número de plazas de aparcamento e ademáis acotar ou delimitar todas elas axeitadamente. Algúns consideran que a reserva tamén lles debería beneficiar a eles.

Tras un debate sométese o tema a votación nos termos que a continuación se indican, acadándose os seguintes resultados:

a) Votos a favor de solicitar á Reitoría un espazo de aparcamento para o personal da Facultade: 23

b) Votos en contra de solicitar á Reitoría un espazo de aparcamento para o personal da Facultade: 15

c) Abstencións: 5

Apróbase por maioría solicitar á Reitoría un espazo de aparcamento para o personal desta Facultade.

7. Aprobación, se procede, da actualización de membros de diversas Comisións (Comisión de Calidade; Comisión de Biblioteca e Comisión de Relacións Internacionais), e, no seu caso, de criterios para flexibilizar o procedemento para facer os nomeamentos

Apróbanse por asentimento as seguintes modificacións:

a) Comisión de Calidade:

Intégrase como alumno polo Master de Ordenación Xurídica do Mercado: D. Ramón Conde

Intégrase como egresado polo Master de Ordenación Xurídica do Mercado: D. Lino García

b) Comisión de Biblioteca:

En tanto que Georgina Álvarez, xa non forma parte do sector PDI, debe ser substituída. Proponse inicialmente ao Profesor Alexandro Pazos, pero éste non forma parte da Xunta de Facultade, e finalmente proponse como substituta de D^a Georgina Álvarez a D^a Teresa Estévez.

c) Comisión de Relacións Internacionais:

En tanto que foi nomeada Responsable Erasmus para Dereito: D^a M^a Cruz Barreiro Carril en substitución de D. Luis Muleiro Parada, éste pasa a ser vocal na devandita Comisión.

A Decana propón aprobar un criterio de flexibilidade para facer os nomeamentos necesarios de substitución de membros nas Comisións delegadas cando os que eran deixan de contar coas condicións requiridas para selo, aos efectos de que non

se vexa perxudicado o funcionamento das Comisións. Propón que se delegue o nomeamento na Comisión Permanente. Apróbase a proposta por asentimento.

8. Resolución de solicitudes de informes de avaliación de méritos docentes para a obtención de retribucións do profesorado universitario (quinquenios)

Presentaron solicitude as seguintes persoas:

ALONSO CARRERA, JAIME
ÁLVAREZ GARCÍA, BEGOÑA
ÁLVAREZ GONZÁLEZ SUSANA
BRAVO BOSCH, M^a JOSÉ
CABALLERO FERNÁNDEZ, GLORIA
CABEZA PEREIRO, JAIME
CID DEUS, JAIME
DOMÍNGUEZ CATRO, LUIS
ESTHER GONZÁLEZ PILLADO
FERRERO MARTÍNEZ, M^a DOLORES
FREIRE SERÉN, M^a JESÚS
FUENTESECA DEGENEFFE, MARGARITA
GARCÍA LÓPEZ, ELOY
IBÁÑEZ PAZ, REGINA
IZQUIERDO ALONSO, JACOBO
MANZANO GONZÁLEZ, BALTASAR
MAROÑO GARGALLO, MARÍA DEL MAR
MARTÍNEZ SENRA, ANA ISABEL
MONTERO MUÑOZ, MARÍA
MULEIRO PARADA, LUIS MIGUEL
OTERO GIRÁLDEZ, MARÍA SOLEDAD
OTERO NEIRA, CARMEN
RODRÍGUEZ VÁZQUEZ, VIRGILIO
VALEIJE ÁLVAREZ, INMACULADA
VILA BIBGLIERI, JORGE E.

Acórdase por asentimento informar todas as solicitudes favorablemente

9. Aprobación, se procede, dun acordo en relación coa distribución porcentual entre os Departamentos das horas da Carga Docente Básica (CDB) dos Graos do Centro

A Decana explica que se celebraron dúas reunións previas ás que foron convocados os coordinadores das áreas xurídicas e os Directores de Departamentos con Docencia nos Graos impartidos nesta Facultade. Nestas reunións expresouse o sentir maioritario da Facultade de rexeitamento aos parámetros manexados pola Reitoría para calcular a Carga Docente Básica (CDB), pero en todo caso, é preciso adoptar un acordo ao respecto nesta Xunta, polo que abre un debate para discutir o

punto.

Pide a palabra a Profesora Bergareche, que plantexa se tería algo que dicir a Comisión Interfacultativa neste punto. A Decana explica que na Xunta de Facultade de Ourense rexeitaron facer a distribución solicitada desde a Vicerreitoría, pero que éste non é un tema de Comisión Interfacultativa, que ten outras competencias.

A Profesora Barahona expresa que o que encerra a distribución que pretende a Reitoría é unha reforma laboral durísima, que atenta contra os traballadores e que aumenta as posibilidades a curto ou medio prazo da precarización do seu traballo. Considera que dende un criterio de xustiza laboral a Carga docente que debería repartirse sería a real.

Pide a palabra o Profesor Jaime Cabeza que quere facer un comentario e plantexar unha dúbida. O Comentario refírese a que no Consello de Goberno de novembro de 2011 foi aprobada por maioría abrumadora o concepto de Carga Docente Básica que agora parece criticarse (aclara que él votou en contra). En canto á dúbida se pregunta qué pasaría se non facemos a distribución. Considera que é probable que se faga de oficio dende a Vicerreitoría, polo que considera que sería interesante facer un reparto, que se aplicaría de forma subsidiaria, é dicir, só caso de que a Vicerreitoría decidise facer o reparto de oficio.

A Decana manifesta que espera que de se aprobar a non distribución da CDB, a Vicerreitoría se sente a negociar e a escoitar as razóns de fondo que motivan a negativa.

As Profesoras García Mosquera e Bergareche preguntan se o acordo, de ser negativo, non tería que ser único entre esta Facultade e a de Dereito de Ourense.

A Decana aclara que aínda que os acordos fosen coincidentes cada Xunta de Facultade ten que aprobar o seu.

O Profesor Jaime Cabeza aclara que suscribe o seu rexeitamento a esta distribución aplicando a fórmula que se nos pide, pero propón que se vote facer a distribución para o caso de que a Vicerreitoría pretenda impoñer un reparto pola súa conta, pois non ten confianza na distribución que poidan facer eles.

A Decana expresa que se rexeitamos facer o reparto ten que ser con todas as consecuencias. En calquera caso apunta que podemos acordar que no suposto de que a Vicerreitoría pretenda facer o reparto, plantexemos facelo nós aplicando o reparto proporcional sobre a base da carga docente obrigatoria, que se manexou nas reunións previas, pero non antes.

Tras o debate sométese o tema a votación acadándose os seguintes resultados:

- a) Votos a favor da proposta do Decanato: 29
- b) Votos a favor da proposta de Jaime Cabeza: 4
- c) Abstencións: 6
- d) Votos en contra das propostas a) e b): 0

Acórdase por maioría, remitir á Vicerreitoría o seguinte acordo que é lido pola Decana:

Que tendo en conta o sentir xeneralizado da Xunta de Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo e á vista da finalidade que aparentemente ten a distribución da Carga Docente Básica (CDB), que non é outra que a distribución dunha plantilla teórica dos Centros, a Xunta de Facultade, na súa reunión de 22 de decembro de 2012 acordou por maioría:

1.- Rexeitar o criterio referido por entender que a proposta da Reitoría, aplicándose con carácter xeral a todos os Centros sen ter en conta as particularidades de cada un, resulta discriminatoria con aqueles que non teñen o seu profesorado consolidado por térense creado máis recentemente no tempo.

2.- Solicitar da Reitoría a elaboración dunha plantilla teórica que, sen descoñecer os criterios de austeridade aos que debemos acomodarnos actualmente, permita poñer en marcha unha política de consolidación do profesorado adecuada ás nosas circunstancias, e tantas veces prometida a esta Facultade polos órganos de Goberno da Universidade.

10. Rogos e preguntas

A Secretaria da Comisión comunica que acaba de chegar ao Decanato unha nova solicitude de informe para os quinquenios de M^a OLGA ALONSO VILLAR. Acórdase por asentimento informal favorablemente.

Asemade aclara que o Profesor Alexandro Pazos non pode substituír á Profesora Georgina Álvarez pois non é membro da Xunta de Facultade. A Decana propón que sexa substituída por D^a Teresa Estévez, quen acepta. Apróbase por asentimento o nomeamento.

Pide a palabra a Profesora Barahona para solicitar que dende o Decanato se inste a Reitoría a chegar a un acordo co Concello para incrementar o servizo de transporte público ata o Campus.

Non habendo máis rogos e preguntas levántase a sesión sendo as 14.30 horas, do que dou fe como Secretaria.